XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE NOVEMBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Decreto polo que se dispón o cese de María Francisca Gómez Santos como secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Decreto polo que se dispón o cese de Begoña Abeijón Fernández como directora xeral de Persoas con Discapacidade.
- Decreto polo se dispón o cese de Eloína Ingerto López como directora xeral de Promoción da igualdade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade a María del Carmen Bouso Montero.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Persoas con Discapacidade a Perfecto Rodríguez Muíños.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Promoción da Igualdade a Paula Uría Traba.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético a Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se dispón o cese de María del Carmen Bouso Montero como secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Decreto polo que se dispón o cese de Paula Uría Traba como directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente e Cambio climático a Gonzalo Mosqueira Martínez.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea director xeral de Enerxías Renovables a Ignacio Maestro Saavedra.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Oza Cesuras, dunhas superficies de dominio público viario (DPV) da estrada AC-840.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de Isaac Miguel Rosón Sánchez- Brunete como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asamblea de Cooperación por la Paz para a execución do proxecto Activistas polo mundo que queremos 2026-2027, por importe total de setenta e catro mil trescentos trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (74.334,54 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación da proposta de adxudicación, por parte de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., do servizo de redacción do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (Peose) e instrumentos de desenvolvemento e execución (Ides) da fase II do parque empresarial de Valga (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de mellora da resiliencia da Rede dixital de seguridade e emerxencias de Galicia (Resgal), 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Oímbra para a execución das obras de urbanización de parcela segundo o Plan especial de reforma interior para vivendas de promoción pública, PERI_PE-1.1 (VPP), por un importe de trescentos vinte e un mil oitocentos un euros (321.801,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal) do contrato de obras para a construción dun edificio de 17 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela da UA 24 da rúa Alcalde Domingo Sierra, no concello de Culleredo (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de tres millóns trescentos noventa e oito mil seiscentos cincuenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (3.398.655,46 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de atención paliativa e cronicidade complexa en pediatría 2026-2030.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e cualifica, como centro de interpretación do patrimonio cultural, o centro denominado Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Xulián, da A Illa de Arousa, para a o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de dezaseis mil cincuenta euros (16.050,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a contratación dun servizo especializado de dinamización lingüística en centros educativos públicos de Galicia, para a mellora da competencia do alumnado en linguas estranxeiras, durante o curso 2026/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a xestión do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de trazado de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na PO-308 (concello de Poio), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos mil cento oitenta e un euros con oitenta e oito céntimos (1.400.181,88 €).

- Informe sobre a próxima licitación da obra da mellora da accesibilidade peonil ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) na contorna da AC-12, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos dezaseis mil catrocentos sesenta e oito euros con cincuenta e nove céntimos (1.416.468,59€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as sesións grupais do Servizo Público de Emprego de Galicia e a posta en marcha de Xunta Conecta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE CARMEN BOUSO COMO SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Substitúe a María Francisca Gómez Santos, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a Carmen Bouso Montero como secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, en substitución de María Francisca Gómez Santos, que cesa a petición propia.

Carmen Bouso, nada en Oviedo en 1964, era a actual secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo que desempeñou desde outubro de 2018.

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e letrada da Xunta de Galicia, anteriormente foi secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Rural e desempeñou distintos cargos na administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE PERFECTO RODRÍGUEZ COMO DIRECTOR XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Substitúe a Begoña Abeijón Fernández, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a Perfecto Rodríguez Muíños como director xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade, en substitución de Begoña Abeijón Fernández, que cesa a petición propia.

Perfecto Rodríguez (Ponte Caldelas, 1969), licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, foi alcalde de Ponte Caldelas dende o 2003 ata o 2015. Posteriormente, asumiu o cargo de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, posto que ocupou desde o 2015 ata a actualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE PAULA URÍA COMO DIRECTORA XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Substitúe no cargo a Eloína Ingerto, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a Paula Uría Traba como directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, en substitución de Eloína Ingerto, que cesa a petición propia.

Paula Uría (Ferrol, 1975) era a actual directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, cargo que asumiu en 2024, despois de desempeñar os de secretaria xeral de Industria e de subdirectora xeral de Enerxía, así como outros no Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ISAAC ROSÓN SECRETARIO XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO

- Desde decembro do ano pasado, era o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica na Consellería do Mar
- Substitúe no cargo a Nicolás Vázquez, novo conselleiro de Medio Ambiente e Cambio Climático

O Consello da Xunta reunido hoxe aprobou o nomeamento de Isaac Rosón como secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético na Consellería de Economía e Industria. Substitúe no cargo a Nicolás Vázquez, novo conselleiro de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Licenciado en Enxeñería Naval e Oceánica pola Universidade da Coruña, desde decembro do ano pasado era o actual director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica na Consellería do Mar, un posto que pasou a ocupar logo de exercer como director da Área de Innovación Empresarial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Con anterioridade ocupou distintos cargos nos departamentos de Seguridade e Inspección Marítima das Capitanías Marítimas de Alacante e Barcelona. A súa traxectoria profesional tamén estivo vinculada á docencia universitaria como profesor asociado na Facultade de Náutica barcelonesa. Así mesmo, conta con experiencia no eido privado, onde desenvolveu traballos relacionados co deseño naval en distintas empresas do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO NOMEA A GONZALO MOSQUEIRA MARTÍNEZ COMO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Gonzalo Mosqueira Martínez como secretario Xeral Técnico da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Gonzalo Mosqueira Martínez, ademais de ser enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, é licenciado en Dereito e conta cun máster en Xestión Fluvial Sostible e Xestión Integrada de Augas. É tamén profesor asociado da Universidade da Coruña.

Desenvolveu a súa traxectoria profesional principalmente no ámbito da Administración hidráulica galega. En concreto, iniciouna na extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e, posteriormente, en Augas de Galicia, onde desempeñou diferentes responsabilidades técnicas e de xestión. De feito, foi director desta entidade pública empresarial entre xuño de 2014 e outubro de 2015.

Funcionario de carreira da Xunta de Galicia, ata ao de agora exercía como xerente de Augas de Galicia, con responsabilidades na coordinación administrativa, económica e técnica da entidade, na planificación e execución de investimentos e na xestión dos recursos públicos destinados ao ciclo integral da auga.

Gonzalo Mosqueira Martínez substitúe no cargo a Carmen Bouso Montero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO NOMEA A IGNACIO MAESTRO SAAVEDRA COMO DIRECTOR XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Ignacio Maestro Saavedra como director xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

Ignacio Maestro Saavedra é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña e ten un máster universitario en Investigación en Enxeñaría Civil pola mesma universidade.

Comezou a súa carreira profesional no sector privado, onde traballou entre 1997 e 2006 en empresas de enxeñaría e construción e por conta propia, principalmente na redacción de proxectos e na execución de obras hidráulicas e de estradas.

En 2006 ingresou na escala de técnicos superiores de organismos autónomos do Ministerio de Medio Ambiente. Nas confederacións hidrográficas do Norte e do Miño-Sil ocupou diversos postos de responsabilidade, entre eles os de xefe de Área de Gabinete Técnico (2009–2014) e director técnico adxunto (2014–2016).

Incorporouse á Xunta de Galicia en 2016 como subdirector xeral de Infraestruturas do Transporte. Tamén foi director xeral de Mobilidade entre 2017 e 2024 e subdirector xeral de Planificación dos Recursos Hídricos de Augas de Galicia entre 2024 e 2025.

Desde outubro de 2025 é tamén funcionario de carreira do corpo facultativo superior de Administración especial da Xunta de Galicia, na escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos.

Desde xaneiro de 2026 ocupa a xefatura do Servizo do Litoral na Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na Coruña.

Ignacio Maestro Saavedra substitúe no cargo a Paula María Uría Traba.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O ACCESO AO CERTIFICADO DE COMPETENCIAS DIXITAIS AO ALUMNADO QUE SE TITULA NA ESO ANTES DOS 16 ANOS

- É un dos cambios aprobados hoxe polo Consello de Goberno para adecuar o Marco galego de competencias dixitais ás necesidades que foron xurdindo desde a aprobación do decreto
- Ademais, as persoas interesadas en acreditar os seus coñecementos dixitais poderán acceder directamente aos diferentes niveis de aptitude sen necesidade de ter certificado o nivel anterior
- A norma amplía o prazo para renovar as certificacións e permite prorrogar de oficio a súa validez cando os coñecementos acreditados non experimenten cambios relevantes

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais. Entre as novidades principais está a adaptación do requisito de idade para que o alumnado do sistema educativo galego que obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria antes de cumprir os 16 anos poida acceder á certificación ComDix.

A modificación resolve así a situación do alumnado que remataba a ESO antes dos 16 anos e que, coa regulación vixente, non podía acceder á certificación, xa que esa era a idade mínima establecida. É un dos cambios aprobados hoxe para adecuar os requisitos do Marco de competencias dixitais ás necesidades que foron xurdindo desde a aprobación do decreto. O obxectivo é simplificar algunhas das súas disposicións, mellorar a eficacia da xestión administrativa e reforzar a seguridade xurídica.

Acceso directo aos diferentes niveis
Outro dos cambios é a eliminación da obriga de ter certificado un nivel de aptitude para poder obter o seguinte. As persoas interesadas poderán acreditar directamente o nivel que corresponda aos seus coñecementos, seguindo un criterio similar ao aplicado nas certificacións de lingua galega Celga.

O primeiro nivel do ComDix continuará certificándose sobre o conxunto das áreas de dominio competencial. Nos restantes niveis poderán establecerse certificacións por áreas ou mesmo por competencias concretas. Ademais, os contidos correspondentes a cada competencia e nivel poderán adaptarse aos diferentes colectivos destinatarios.

A modificación tamén aclara as vías para obter o ComDix, que inclúen tanto as probas de certificación coordinadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) como os cursos con aproveitamento activo e avaliación continua, que se foron incorporando con posterioridade á aprobación do decreto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Vixencia e renovación

O novo texto concreta a vixencia do certificado e a súa renovación. No caso das certificacións que caduquen polo transcurso dos cinco anos establecidos, a Amtega poderá ampliar de oficio a súa validez, sen que as persoas titulares teñan que realizar ningunha actuación, sempre que os coñecementos acreditados non sufrisen variacións relevantes.

Ademais, a renovación poderá realizarse desde os seis meses anteriores á data de caducidade. Ata o de agora, este trámite só se podía iniciar durante os seis meses posteriores.

Os certificados seguirán emitíndose unicamente en formato dixital. Ademais da súa expedición de oficio, as persoas interesadas tamén poderán solicitar á Amtega o documento acreditativo.

A modificación aprobada hoxe tamén actualiza a composición do comité especializado para a definición do Marco galego de competencias dixitais para adaptala á estrutura da Xunta.

O ComDix é a certificación promovida pola Xunta que acredita oficialmente o nivel de coñecementos, habilidades e actitudes dunha persoa no uso das tecnoloxías dixitais nos ámbitos persoal, social, educativo e profesional. O seu modelo está aliñado co Marco europeo de competencias dixitais DigComp. O ComDix avalía un total de 21 competencias organizadas en cinco grandes áreas e establece, polo momento, dous niveis de aptitude: iniciación e intermedio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE OZA CESURAS, DE TRECE TREITOS DE DOMINIO PÚBLICO VIARIO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-840

- Transfírense á entidade local unha superficie total de 9.538 metros de beirarrúas da estrada autonómica
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nesta franxa e asumirá a súa conservación e mantemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Oza Cesuras, de trece treitos de dominio público viario da estrada AC-840.

Vistos os informes emitidos polos servizos competentes da Xunta, a Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade dunha superficie total de 9.538 metros de beirarrúas desta vía autonómica.

A transferencia a prol do Concello de Oza Cesuras tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante un decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións tramitar os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Con este cambio de titularidade, o Concello de Oza Cesuras terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Treitos do dominio público viario obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL *ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS*, EN COLABORACIÓN CON TRES ONGD GALEGAS

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación da colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz
- Orzado en máis de 74.300 euros, o Goberno galego achega ao proxecto case 70.000 euros, e as organizacións participantes, a contía restante
- A medida enmárcase no Proxecto Sinerxía de innovación educativa, co obxectivo de traballar nos centros de educación secundaria obrigatoria as desigualdades sociais e as súas causas, sobre todo nos países da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración do Goberno galego coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz para desenvolver unha nova edición do proxecto de educación para a cooperación *Activistas polo mundo que queremos*. A iniciativa conta cun orzamento superior aos 74.300 euros, dos que a Xunta achega case 70.000 e as tres organizacións participantes a contía restante.

Deste xeito, ponse en marcha a 14ª edición do proxecto, desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento, para traballar co profesorado e alumnado de centros de educación secundaria obrigatoria (ESO), co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e nas súas causas, con especial atención á realidade dos países cos que traballa a Cooperación Galega.

A iniciativa enmárcase no *Programa Sinerxía,* que é a actualización do Plan Proxecta, un programa de innovación educativa destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos. O obxectivo é contribuír a que tanto o alumnado coma os docentes sexan conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais. Búscase tamén apoiar o exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da comunidade.

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, os servizos técnicos ou os gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2026/27 a temática da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA AMPLIACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL NO MUNICIPIO PONTEVEDRÉS DE VALGA, QUE DISPORÁ DE 100.000 METROS CADRADOS MÁIS CO FUTURO PARQUE EMPRESARIAL DA MEDELA

O Goberno galego avaliou a adxudicación da redacción do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose) deste novo ámbito empresarial

O Consello da Xunta avaliou esta mañá os avances no desenvolvemento do futuro parque empresarial da Medela, en Valga (Pontevedra), que permitirá incrementar a superficie de solo industrial en preto de 100.000 metros cadrados (93.741 m^2).

O Goberno galego abordou a adxudicación da redacción do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose) deste novo ámbito empresarial á empresa Antea Iberolatum, S.L.U, que contará cun orzamento de 121.000 euros e disporá agora dun prazo de 24 meses para realizar os traballos. A expropiación dos terreos e a execución das obras de urbanización poderían iniciarse no ano 2028.

O parque da Medela está previsto no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Situado lonxe dos núcleos urbanos, a nova área situarase ao carón da estrada nacional 550, con acceso á autoestrada do Atlántico (AP-9) e a pouco máis de 20 quilómetros do porto de Vilagarcía.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 10 M€ ATA 2030 PARA FORTALECER E MODERNIZAR A REDE DE COMUNICACIÓNS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

- O Consello aproba a Estratexia de mellora da resiliencia da Rede dixital de seguridade e emerxencias de Galicia (Resgal)
- Rueda salienta que é o sistema de comunicacións que usan profesionais "do 112, da policía autonómica, do 061 ou do servizo de loita contra os incendios"
- O obxectivo é mellorar capacidade de resposta de Resgal e asegurar a súa continuidade ante incendios ou fenómenos meteorolóxicos adversos
- A Estratexia aprobada hoxe permitirá reforzar os sistemas que garanten o funcionamento e a continuidade da Rede, mellorar a ciberseguridade, despregar estacións móbiles ou aumentar o número de usuarios
- Os teléfonos Tetra, que garanten as comunicacións malia que as redes convencionais non estean dispoñibles, son usados "por máis de 6.300 profesionais"
- Os terminais son operativos no 90% do territorio e no 97% das áreas con poboación grazas a 105 estacións fixas e catro repetidores, e conta tamén cunha estación transportable

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que Consello aprobou "destinar 10 millóns de euros a fortalecer e modernizar a rede de comunicacións que utilizan os equipos de emerxencias, a través da nova Estratexia de mellora da resiliencia con horizonte 2030.

As accións previstas implican unha actuación integral para asegurar que Rede dixital de seguridade e emerxencias de Galicia (Resgal) – "que utilizan profesionais do 112, a policía autonómica, o 061 ou o servizo de loita contra os incendios", entre outros, indicou- resista e se recupere en situacións extremas, con medidas como a renovación dos sistemas troncais para adaptalos ás novas exixencias de soporte tecnolóxico, o reforzamento da ciberseguridade e o cifrado das comunicacións, a mellora do apoio enerxético ou o despregamento de estacións transportables.

Ata o momento, a rede utiliza unicamente terminais de tecnoloxía Tetra, o estándar de comunicacións de emerxencia en Europa, e está prevista unha evolución cara á un modelo híbrido para integrar telefonía móbil e avanzar na interoperabilidade con banda larga 5G.

A metade do orzamento previsto (5 millóns de euros) destinarase a actualizar e dotar de maiores funcionalidades e seguridade a todos os compoñentes necesarios para asegurar a continuidade dos servizos críticos prestados coa rede Tetra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Algo máis de 1,2 millóns de euros serán para dotar a rede de estacións transportables, que permitirán "restablecer ou ampliar con axilidade os servizos de comunicacións en zonas afectadas por catástrofes".

E está previsto destinar máis de 1,7 millóns de euros a reforzar as infraestruturas de soporte e continuidade de servizos que garanten a súa prestación ante interrupcións eléctricas severas.

Outra das actuacións, dotada con algo máis de 1,1 millóns de euros, destinarase a desenvolver e probar un sistema para avaliar a integración e interoperabilidade das redes Tetra e 5G.

O resto das partidas serán para a dotación de novas terminais e a instalación de novas estacións de radio base para mellorar a cobertura.

Resgal, xestionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a través de Retegal, é usada polas administracións autonómica e local. Caracterízase porque proporciona independencia tecnolóxica e soberanía na xestión das emerxencias en Galicia e polo seu deseño específico para as necesidades do territorio, con foco no rural e nas zonas de alto risco de incendios. Nestes casos, a través dos terminais que empregan a tecnoloxía Tetra, proporciona cobertura en lugares e circunstancias en que as redes convencionais non son operativas.

A Rede corporativa de comunicacións móbiles de seguridade e emerxencias de Galicia (Resgal) xestionou en 2025 cerca dun millón de chamadas internas, o que representa un incremento de case un 67 % con respecto a 2019. Máis da metade destas comunicacións coincidiron coa campaña de alto risco de incendios forestais, entre os meses de xullo e setembro. O Consello de Xunta recibiu hoxe un informe sobre a evolución da rede entre 2015 e 2025, así como sobre as necesidades previstas ata 2030.

Na actualidade, tal e como explicou o presidente, dispoñen "de terminais Tetra máis de 6.300 persoas" de equipos de emerxencias ou con responsabilidade na xestión destas situacións. Máis de 5.000 son da Xunta de Galicia, principalmente da Consellería de Medio Rural, e máis de 1.200 corresponden a outras entidades, como concellos, consorcios de bombeiros ou mancomunidades.

Os terminais poden ser usados no 90 % do territorio de Galicia e nun 97 % das áreas poboadas. Esta cobertura ten en conta as áreas con maior risco de incendios. A rede funciona a través de 105 estacións base fixas, 4 repetidores adicionais e unha estación base transportable. Isto permite que poida ser empregada por ata 8.000 persoas usuarias, coa posibilidade de ampliala ata 12.000.

A rede Tetra de Resgal é utilizada por todos os organismos da Xunta que xestionan emerxencias, como a Axega - 112, a Policía autonómica, o 061 ou Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Tamén está á disposición da Administración local,

que pode contratar o servizo para policías locais, protección civil ou equipos de bombeiros. Actualmente están adheridas a esta rede 125 entidades fóra do ámbito autonómico. Recentemente incorporáronse á Rede os concellos da Coruña e Ourense e está prevista para o primeiro día de 2027 a incorporación de Santiago de Compostela e Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE OÍMBRA NA URBANIZACIÓN DUNHA PARCELA NA CONTORNA DO CEIP DO MUNICIPIO PARA A CONSTRUCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA

- Esta actuación suporá un investimento de 322.000 euros e permitirá executar as obras soterradas de saneamento e pluviais, iluminación pública e telecomunicacións, así como a ampliación e o acondicionamento da calzada, viaria e peonil
- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, asume o 70% do orzamento, 225.000 euros, e contratará e executará as actuacións
- Esta intervención realízase ao abeiro do Plan Hurbe da Xunta

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Oímbra para levar a cabo o proxecto de urbanización dunha parcela na contorna do centro de educación infantil e primaria CEIP Oímbra, co obxectivo de construír vivendas protexidas de promoción pública

Esta convenio, que suporá un investimento conxunto de preto de 322.000 euros, impúlsase ao abeiro do chamado Plan Hurbe da Xunta. Trátase de definir as obras de infraestruturas soterradas necesarias (servizos urbanos de saneamento e pluviais, iluminación pública e telecomunicacións) e a ampliación, acondicionamento e mellora da calzada (viaria e peonil) para a construción de vivendas pública no municipio.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, achegará o 70% do orzamento deste proxecto, con máis de 225.000 euros, contratarao e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Oímbra asumirá o 30% restante, algo máis de 96.000 euros, a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxes e planos da zona da actuación no concello de Oímbra:

PLANO REPRESENTATIVO




FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A OBRA DE CONSTRUCIÓN DE 17 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA RÚA ALCALDE DOMINGO SIERRA, NO CONCELLO DE CULLEREDO

- O importe de licitación rolda os 3,4M€
- Do total de 17 fogares, nove serán de dous dormitorios, un deles adaptado na planta baixa, e os outros oito, de tres dormitorios
- A edificación contará con planta baixa e catro plantas superiores, destinadas a vivenda, e dispoñerá de garaxes e rochos baixo rasante
- As vivendas contan con dobre orientación, sitúanse sobre o viario principal e con vistas ás zonas verdes e equipamentos públicos

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 17 vivendas de promoción pública que se construirán nunha parcela da rúa Alcalde Domingo Sierra, propiedade da Xunta.

O importe de licitación do contrato de construción das vivendas será de 3.398.655,46 euros. O proxecto foi redactado por Muñiz Mas Alfaya, S.L.P. e adxudicado por 106.673,60 €.

Do total de 17 vivendas, nove serán de dous dormitorios, unha delas adaptada na planta baixa, e as outras oito, de tres dormitorios.

A edificación contará con planta baixa e catro plantas superiores, destinadas a vivenda, e garaxes e rochos construiranse baixo rasante.

Confórmase un único soto, cun fondo construído de 19,60 metros que non chega a consumir todo o fondo da parcela e que se destina a aparcadoiro, rochos e locais técnicos de instalacións, e conta con dous núcleos de comunicación (un por portal), que conectan mediante ascensor co resto das plantas.

Na planta baixa, o edificio conta na aliñación principal cun soportal de 2,75 m de largo.

En cada portal, alén da escaleira e do ascensor, sitúanse as salas técnicas das instalacións e o cuarto de limpeza. O espazo de reserva para o almacén de residuos sitúase no espazo cuberto libre entre ambos os portais e deixarase en todo caso un paso libre de uso público entre a vía da fronte principal e o patio de rueiro.

Na planta tipo, correspondente cos niveis primeiro a cuarto, sitúanse catro vivendas, organizadas arredor dos dous núcleos de comunicación. Cada núcleo dá acceso a unha vivenda de dous dormitorios e a outra vivenda de tres dormitorios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todas as vivendas da planta tipo contan con dobre orientación, sitúanse sobre o viario principal e con vistas ás zonas verdes e equipamentos públicos; ao leste, a zona de día, con salón-comedor con terraza. A zona de noite sitúase ao oeste, cara ao patio de rueiro.

Os cuartos húmidos como cociña, baño, aseo e lavadoiro concéntranse na zona central, iluminando e ventilando a cociña e o tendal desde un patio aberto á fachada leste.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA DO PRIMEIRO PLAN GALEGO DE COIDADOS PALIATIVOS PEDIÁTRICOS PARA OFRECER UNHA ATENCIÓN INTEGRAL E COORDINADA

- Salienta que instaurará "protocolos de valoración e actuacións comúns en todo o territorio"
- A iniciativa garantirá que estes pacientes reciban unha asistencia integral e personalizada, tendo en conta as familias e acadando todas as etapas da enfermidade
- Refórzase a atención domiciliaria, o seguimento dixital e o soporte clínico as 24 horas dos 7 días da semana mediante a coordinación de todos os niveis asistenciais e o 061, constituíndo a Rede de atención paliativa pediátrica de Galicia
- O Plan estrutúrase en catro liñas estratéxicas: identificación e clasificación dos pacientes, organización e coordinación dos recursos asistenciais, atención aos menores e ás súas familias, e formación dos profesionais sanitarios
- O orzamento destinarase á incorporación de 5 pediatras e 5 profesionais de enfermaría e á adquisición de vehículos, tecnoloxía e ecógrafos
- O conselleiro de Sanidade explica que os hospitais de referencia de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo contarán con unidades especializadas e haberá equipos multidisciplinares en todas as áreas
- No ano horizonte do plan porase en marcha o programa *Coidamos Contigo*, que ofrecerá apoio temporal e respiro ás familias coidadoras, complementando o acompañamento clínico, psicolóxico e social durante todo o proceso, incluído o dó

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou que o Consello aprobou hoxe "o primeiro Plan galego de coidados paliativos pediátricos para unificar e reforzar a atención aos nenos e as familias en toda a comunidade". Contará con orzamento de tres millóns de euros ata 2030.

Tal e como explicou, trátase dun documento que permitirá desenvolver un modelo asistencial específico para nenos, nenas e adolescentes con enfermidades crónicas complexas ou que limitan ou ameazan a vida e que precisan coidados paliativos e que instaurará "protocolos de valoración e actuacións comúns en todo o territorio".

O novo modelo proposto polo Servizo Galego de Saúde constitúe unha estratexia para organizar a atención paliativa pediátrica "integral, coordinada e máis humana", indicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.

O Plan aprobado hoxe implica a consolidación da atención domiciliaria, a dixitalización do seguimento e o soporte clínico as 24 horas do día os sete días da semana. Para iso, o operativo deseñado coordinarase con todos os niveis asistenciais, contará con hospitalización a domicilio (HADO) e o 061, e suporá, así mesmo, a implantación dun

recurso de atención intermedia que actúe como elemento de conexión entre o domicilio e o hospital. "Para os nenos que non poden estar en casa, pero tampouco precisan estar internados na UCI", indicou Rueda.

O orzamento total do plan é de 3 millóns de euros ata o ano 2030, concentrados maioritariamente en persoal sanitario e recursos humanos, así como na adquisición de vehículos, tecnoloxía e ecógrafos. Ao respecto, o plan prevé a incorporación de cinco pediatras e cinco profesionais de enfermaría.

Catro liñas estratéxicas

O Plan constitúe o primeiro documento estratéxico específico de Galicia dedicado á planificación, organización e desenvolvemento dos coidados paliativos pediátricos e nace coa finalidade de dar resposta ás necesidades propias desta poboación, garantindo unha atención adaptada ás características evolutivas da infancia e da adolescencia.

O documento aprobado hoxe conta co aval científico da Sociedade de Pediatría de Galicia e da Sociedade Española de Coidados Paliativos Pediátricos e está dirixido á poboación pediátrica con enfermidades crónicas complexas e situacións susceptibles de atención paliativa.

Articúlase arredor de catro liñas estratéxicas orientadas a fortalecer a organización asistencial e a dar resposta ás necesidades "clínicas, emocionais e sociais dos pacientes pediátricos e das súas familias", indicou o conselleiro.

Esas liñas estratéxicas son a clasificación dos pacientes e da poboación albo, a organización e coordinación dos recursos e dispositivos asistenciais, a atención integral ás persoas con enfermidade avanzada e ás súas familias e, ademais, a formación, capacitación e soporte en atención paliativa para os distintos perfís profesionais (médicos, enfermeiros, psicólogos, traballadores sociais, etc.).

Principais medidas

Entre as principais medidas do plan destaca desenvolver, de forma progresiva, a estrutura asistencial dos coidados paliativos pediátricos en Galicia, que se enmarcará nunha Rede galega de atención paliativa pediátrica, integrada por atención primaria, atención hospitalaria, que contará con hospitalización a domicilio (HADO), o 061 e recursos comunitarios, e reforzará a atención domiciliaria e a atención continuada as 24 horas, mediante a coordinación de todos os niveis asistenciais.

Tamén se crearán e se acreditarán, tal e como explicou o conselleiro, "unidades de atención integral paliativa pediátrica" para os casos máis complexos, que estarán "nos hospitais universitarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo".

Xunto ao anterior constituiranse, de xeito progresivo, equipos multidisciplinares especializados de coidados paliativos pediátricos en todas as áreas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Igualmente, haberá atención específica ao acompañamento no final da vida coa activación dos equipos especializados de coidados paliativos pediátricos cando sexa necesario, que garantirán o control dos síntomas, a atención integral no domicilio cando sexa a opción elixida pola familia e apoio emocional, psicolóxico e social durante todo o proceso e o seguimento no dó.

Outra das medidas do plan, xunto coa formación específica para os profesionais, será a planificación anticipada de coidados, os plans individualizados de atención e a identificación precoz dos pacientes con necesidades paliativas, co fin de adaptar os recursos á evolución da enfermidade.

Así mesmo, no ano horizonte do plan prevese a creación do programa *Coidamos Contigo*, que se configura como un recurso de apoio temporal e respiro familiar, destinado a pacientes pediátricos con necesidades complexas e aos seus coidadores. "Que garantirá a supervisión por profesionais dos cativos cando os pais precisen dun tempo de descanso", indicou o presidente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCORPORA Á REDE DE MUSEOS O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS REVOLTAS IRMANDIÑAS EN MOECHE

- O Consello dá luz verde ao acordo para a cualificación deste equipamento, que eleva a 101 os espazos que forman parte do Sistema galego de centros museísticos
- Está localizado no castelo medieval do século XV deste municipio coruñés, declarado ben de interese cultural, propiedade da Casa de Alba e xestionado polo Concello
- Con este recoñecemento, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude valora a súa importancia na divulgación dun período histórico para Galicia
- Trátase dunha proposta cultural que ofrece unha visión xeral da fortaleza e dos acontecementos que alí se desenvolveron con diferentes recursos didácticos

A Xunta incorpora o Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas, no concello coruñés de Moeche, ao Sistema galego de centros museísticos, elevando ata un total de 101 os equipamentos que forman parte desta rede. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, onde se autorizou o acordo para a cualificación deste espazo na categoría de Centro de interpretación do patrimonio cultural, sumando así seis nesta categoría, xunto con 71 museos e 24 coleccións museográficas.

Para esta incorporación, o Goberno galego valorou a importancia deste equipamento, localizado no interior do castelo de Moeche, na divulgación dun período histórico relevante para Galicia como foron as revoltas irmandiñas, centrando o seu relato nos acontecementos vencellados a esta fortaleza medieval do século XV, declarada ben de interese cultural, propiedade da Casa de Alba e xestionada polo Concello.

Trátase dunha proposta museística que supón unha alternativa para coñecer o interior do monumento e a súa historia a través de recursos didácticos que permiten ofrecer unha visión xeral. Así, o seu plan museolóxico inclúe mapas, maquetas e pantallas, ademais de paneis explicativos con información sobre a historia e a evolución do castelo, as revoltas irmandiñas e os seus principais protagonistas.

A oferta deste espazo complétase cunha zona para exposicións temporais e outra dedicada á contorna, especialmente ao Xeoparque Cabo Ortegal. Ademais, tamén se tivo en conta para o seu recoñecemento o programa de actividades de difusión e comunicación orientadas tanto ao público xeral como a públicos específicos, con percorridos que inclúen contidos adaptados segundo os seus intereses.

Deste xeito, a programación cultural deste centro no castelo de Moeche considérase moi significativa para a zona, non só pola difusión da historia da fortaleza e pola promoción do patrimonio artístico, artesanal e etnográfico da veciñanza, senón tamén pola dinamización a través doutras propostas como o teatro ou os concertos. Neste senso, cómpre destacar o Festival Irmandiño como unha das iniciativas máis destacadas deste enclave, unha cita que se celebra cada mes agosto desde hai 46 anos e que conmemora a revolta irmandiña mediante visitas guiadas, actividades infantís, o tradicional asalto ao castelo e un xantar popular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UNHA ADDENDA AO CONVENIO ASINADO EN XUÑO COA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA PARA RECUPERAR OS SEUS BANCOS MARISQUEIROS

- O Consello aproba un incremento de 16.050 € destinado a labores de remoción, descompactación e osixenación do fondo mariño
- O investimento global supera os 1,37 M€ para as anualidades 2026 e 2027 e vai dirixido a restaurar áreas de produción afectadas polos temporais de comezos de ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Xulián da Illa de Arousa para o desenvolvemento do proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira. O acordo supón unha achega adicional de 16.050 euros, que eleva o orzamento total da actuación ata os 1.373.705,20 euros, distribuídos entre as anualidades de 2026 e 2027.

A modificación orzamentaria responde á solicitude trasladada polo pósito da Illa de Arousa ante a evolución das condicións ambientais e sedimentarias dos bancos naturais. En concreto, os recursos adicionais permitirán incorporar unha partida específica para a contratación de servizos dirixidos a acometer traballos mecánicos de acondicionamento do substrato no banco marisqueiro do Vao.

Estas tarefas consistirán na remoción, descompactación e osixenación do leito mariño mediante o emprego de grades remolcadas por embarcacións a diferentes profundidades, que actuarán sobre un terreo composto por areas grosas, grava miúda e seixos co fin de optimizar a fixación dos bivalvos. Os traballos desenvolveranse mantendo a metodoloxía técnica prevista na folla de ruta do proxecto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA O PROCESO PARA DOTAR DE AUXILIARES DE CONVERSA A TODOS OS CENTROS PÚBLICOS PLURILINGÜES DESDE O PRÓXIMO TRIMESTRE MEDIANTE UN PROGRAMA PROPIO

- O Consello autoriza o contrato deste modelo deseñado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, por un importe de preto de 1,8M€, ante a inseguridade xurídica xerada a nivel estatal
- As persoas seleccionadas, que prestarán apoio ao docente na aula, serán tituladas universitarias e con competencia acreditada en lingua inglesa, cunha experiencia internacional e intercultural que garanta a práctica comunicativa dos alumnos

A Xunta vén de iniciar o proceso para dotar de auxiliares de conversa a todos os centros educativos públicos plurilingües de Galicia desde o vindeiro trimestre deste curso 2026/27. Para iso, o Consello da Xunta deu esta mañá o visto e prace ao novo modelo alternativo deseñado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que se canalizará a través dun contrato de preto de 1,8M€, que permitirá incorporar persoal de alta especialización en lingua inglesa a 320 centros públicos con programas de plurilingüismo.

Isto eleva a 363 os colexios e institutos beneficiarios das liñas de apoio da Xunta para a aprendizaxe de inglés, posto que aos 320 novos hai que engadir outros 43 que nestes momentos xa contan con auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico, ao abeiro da colaboración entre a Consellería e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos (Comisión Fulbright).

O novo programa da consellería materializarase a través da contratación dun servizo de dinamización lingüística que proporcionará a estes centros o persoal especializado necesario co obxecto de contribuír á mellora da competencia lingüística en lingua inglesa do alumnado dos centros plurilingües de Galicia. O contrato sairá a licitación nos vindeiros días, a razón dun lote para 151 centros públicos das provincias da Coruña e de Lugo, e outro lote para 169 das provincias de Ourense e Pontevedra.

Perfil de alta especialización
A empresa adxudicataria deberá proporcionar a estes centros persoal cun perfil de alta especialización, que combine unha competencia comunicativa acreditada en lingua inglesa cunha experiencia internacional e intercultural que garanta a práctica comunicativa dos alumnos en contextos reais.

Todos eles deberán, ademais, contar cunha titulación correspondente ao grao universitario ou equivalente, acreditar formación específica en ensino, aprendizaxe ou dinamización de linguas, metodoloxías educativas ou innovación pedagóxica, relacionada co obxecto do servizo, e acreditar o nivel C1 de lingua inglesa conforme o Marco común

europeo de referencia para as linguas (MCER), agás os que posúan as nacionalidades de Australia, Canadá, Estados Unidos de América, Irlanda, Malta, Nova Zelandia ou Reino Unido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE O NOVO MODELO GALEGO DE XESTIÓN DO LITORAL PERMITIU RESOLVER PRETO DE 3.000 EXPEDIENTES E AXILIZAR E SIMPLIFICAR OS TRÁMITES

- Destaca que cada día se tramitaron unha media de 5 autorizacións e títulos relacionados con diferentes usos da costa, tanto no dominio público coma na servidume de protección
- O Consello toma razón dun informe sobre os resultados dos primeiros 16 meses desde que Galicia asumiu de forma plena as funcións e servizos en materia litoral
- Os cambios introducidos pola Xunta garanten unha tramitación máis sinxela, homoxénea e accesible, cun modelo único de solicitude electrónica, criterios unificados nas tres provincias costeiras e condicións comúns para toda a cidadanía
- No seu primeiro ano operativo, o portal *Galicia Litoral* recibiu máis de 20.500 visitas e a través do teléfono 012 atendéronse 240 chamadas mensuais sobre o litoral
- Tamén destacan as melloras introducidas nos servizos de tempada como a prolongación do período hábil deste tipo de actividades, que en 2027 será máis longa ao ir desde o 19 de marzo, cando comeza a Semana Santa, ata o 31 de outubro.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o novo modelo galego de xestión do litoral, impulsado pola Xunta a partir do 1 de xullo de 2025, permitiu resolver ata o momento "preto de 3.000 expedientes en menos de ano e medio" neste eido, apostando por axilizar, simplificar e homoxeneizar os distintos tipos de trámites relacionados coa ocupación e os usos da franxa costeira na Comunidade.

Así se recolle no informe do que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta e no que se dá conta dos primeiros resultados prácticos do traspaso efectivo a Galicia hai 16 meses das funcións e servizos en materia de ordenación e xestión do litoral.

Neste período, tal e como indicou Rueda, "tramitáronse cada día unha media de cinco autorizacións" e títulos habilitantes tanto no dominio público marítimo-terrestre coma na zona de servidume de protección. Foron, en total, 2.382 actuacións tramitadas por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ás que hai que sumar outros 611 informes que habilitaron a execución de distintas intervencións no litoral.

Esta nova etapa de xestión da costa en clave autonómica abriu o camiño cara a unha tramitación máis sinxela, homoxénea e accesible xa que permitiu introducir cambios importantes. Un dos primeiros e dos máis destacados foi o establecemento dunha solicitude electrónica única para as autorizacións e concesións na costa, que pasan así dos cinco modelos de solicitudes que había en papel a só un e en formato dixital.

En materia de simplificación tamén se unificaron os criterios técnicos das solicitudes, a duración das autorizacións temporais e a homoxeneización e revisión das garantías económicas e das taxas administrativas aplicadas nas tres provincias galegas costeiras, co fin de garantir condicións comúns para todas as galegas e galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nestes 16 meses, ademais, a Xunta avanzou cara a un modelo propio de servizos de tempada, apostando por alongar o período hábil deste tipo de actividades e por medidas que contribúan e animen a garantir que os establecementos presentes na costa sexan cada vez máis biosostibles.

Este ano foi o primeiro en que se ampliou a duración deste tipo de servizos de tempada desde o primeiro venres de Semana Santa ata o 31 de outubro de forma ininterrompida, un período en que a Xunta autorizou preto de 900 actividades entre *chiringuitos* de praia, terrazas, casetas de salvamento ou de alugueiro de canoas, entre outros. Nese senso, cómpre sinalar que a campaña de 2027 será máis longa ao coincidir a Semana Santa no mes de marzo (en concreto, do 19 de marzo ao 31 de outubro).

Así mesmo, a Xunta reforzou a información e o acompañamento á cidadanía, aos concellos e aos sectores económicos mediante a posta en marcha do portal *Galicia Litoral* (que recibiu 20.500 visitas no seu primeiro ano en funcionamento), a atención especializada a través do teléfono 012 (con 240 chamadas mensuais atendidas sobre cuestións do litoral) e seminarios formativos (como o dirixido a concellos costeiros para abordar a preparación e tramitación dos servizos de tempada de 2027).

Na mesma liña, tamén se puxo á disposición dos concellos e particulares a Guía conxunta de servizos de tempada no litoral de Galicia, dispoñible en *Galicia Litoral* e que achega información básica e de utilidade, así como as datas clave para os interesados.

Próximas medidas
Para seguir avanzando neste novo modelo de xestión autonómica do litoral, a Xunta porá en marcha en 2027 o programa Praias azuis, co fin de impulsar unha rede de areais máis sostibles, eficientes, accesibles e integrados na paisaxe. Destacan dúas ordes de axudas: o Bono sostible azul, para apoiar con ata 5.000 euros os titulares de *chiringuitos* que introduzan neste tipo de establecementos melloras de eficiencia e integración coa paisaxe costeira, e axudas para os concellos costeiros para mellorar a accesibilidade, os servizos e o uso responsable da auga e da enerxía nas súas praias.

Ademais, o futuro Rexistro de autorizacións e concesións —que previsiblemente se porá en marcha este mesmo ano— permitirá integrar de forma progresiva nun instrumento público os títulos outorgados no dominio público marítimo-terrestre, mellorando a transparencia, a rastrexabilidade e a coordinación administrativa de todos os axentes implicados nos usos e actividades que se desenvolven na franxa costeira.

En definitiva, a xestión do litoral asumida de forma plena pola Xunta en xullo de 2025 mantivo como principio central a compatibilidade entre a protección ambiental e paisaxística, o uso público da costa e o desenvolvemento sostible das actividades económicas e sociais vinculadas ao mar, mantendo as mesmas garantías e gañando en axilidade, eficiencia e transparencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA DE MÁIS DE 2,5 QUILÓMETROS NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE POIO

- O Consello da Xunta aproba provisionalmente o proxecto da mellora da seguridade viaria e a mobilidade das actuacións para habilitar un itinerario peonil e ciclista nas parroquias de Combarro e Samieira
- Suporá un orzamento de mais de 1,4M€
- Proponse executar unha senda en tres subtramos da PO-308: do punto quilométrico 5+630 ao 6+035, no núcleo urbano de Combarro, do quilómetro 6+180 ao 7+425, no tramo interurbano entre Combarro e Chancelas; e do 7+635 ao 8+172, segundo tramo interurbano entre Chancelas e Samieira
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá proximamente este proxecto a información pública, co obxectivo de aprobar, licitar e iniciar a execución das obras no segundo semestre de 2027

O Goberno galego acordou hoxe impulsar a construción dunha senda peonil, ao longo dun treito de 2,5 quilómetros de lonxitude na estrada autonómica PO-308, ao seu paso polas nas parroquias de Combarro e Samieira, no concello de Poio.

Así, o Consello da Xunta aprobou de xeito provisional, para a súa próxima información pública, o proxecto de trazado para executar este novo itinerario de uso mixto, peonil e ciclista na PO-308, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 5+630 e 8+172, cuxo orzamento superará os 1,4M€.

O obxecto deste proxecto de mellora da seguridade viaria e da mobilidade é a definición das actuacións precisas para habilitar un itinerario de uso mixto, peonil e ciclista neste treito da PO-308, que soporta un importante volume de tráfico, tanto de medio percorrido como local, cunha intensidade media total de 14.979 vehículos/día.

Na actualidade, este tramo da estrada carece de itinerarios peonís segregados de forma continua. No seu lugar coexisten, de xeito moi puntual, tramos illados de beirarrúa de xeometría e tipoloxía heteroxénea con beiravías de largo variable.

Deste xeito proponse unha actuación en tres subtramos desta estrada autonómica. En concreto, do punto quilométrico 5+630 ao 6+035, no núcleo urbano de Combarro; do quilómetro 6+180 ao 7+425, no tramo interurbano entre Combarro e Chancelas; e do 7+635 ao 8+172, segundo tramo interurbano entre Chancelas e Samieira.

A senda deseñouse cun largo total de 2,02 m, que puntualmente se amplía ou redúce para adaptala á realidade física da contorna (presenza de edificacións, peches, accesos, etc.), e se executará en pavimento en coloreados en ton terroso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a senda estará limitada xunto á estrada por un bordo prefabricado de formigón, de 22x15 cm, elevado 10 cm sobre a calzada.

A implantación da senda ten en conta os condicionantes da elevada densidade de edificacións e peches cimentados directamente sobre afloramentos rochosos e a topografía de acusada pendente cara ao mar. Ante estes condicionantes xeométricos, optouse polo estreitamento da beiravía como solución técnica e modificouse lixeiramente en planta o trazado da estrada PO-308 ao longo de diferentes treitos dela.

Para garantir a continuidade do itinerario peonil, proxéctanse dous novos pasos de peóns, nos puntos 6+250 e 8+160, dotados de pavimento podotáctil e sinalización adecuada á normativa vixente de accesibilidade e sinalización vertical e horizontal.

O trazado da senda coordínase coa dotación de bandas de aparcamento en liña, tanto para vehículos lixeiros como para autobuses, que eviten que os vehículos aparquen invadindo o percorrido peonil.

Na proposta que se somete a información pública mantéñense as paradas de autobús actuais habilitando, sempre que o espazo o permite, apartadoiros para que a carga e descarga de viaxantes non interrompa o tráfico. A única excepción é a parada situada na marxe dereita do quilómetro 7+250, cuxa remodelación xa está prevista no proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas de Galicia, na área urbana de Pontevedra.

As paradas deséñanse con abucinamentos nas entradas e saídas para favorecer as manobras do autobús e co pavimento podotáctil e sinalización vertical correspondente á normativa de accesibilidade vixente; os refuxios existentes recolocaranse, substituíndoos por un dos modelos aprobados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Como actuacións complementarias á execución da senda levaranse a cabo actuacións como a reordenación do estacionamento para autobuses existente no quilómetro. 6+650.

Na zona das escaleiras de baixada á praia (quilómetro 6+190), co fin de garantir a continuidade do itinerario accesible, proxéctase unha pasarela elevada sobre estas. A estrutura manterá un gálibo vertical mínimo de 2,20 m, que asegure a total operatividade e funcionalidade actual da escalinata.

No punto quilométrico 7+410, proxéctase un tramo de plataforma compartida con acceso vehicular, que dá continuidade á senda bordeando a obra de drenaxe transversal (ODT) existente ata conectar coa beirarrúa, garantindo a seguridade ao evitar a circulación pola beiravía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se inclúen no proxecto as correspondentes obras de drenaxe, repintado de marcas viarias, sinalización vertical, así como a disposición das canalizacións necesarias para a iluminación, prisma de telecomunicacións ou Instalación de bancos en distintas zonas, entre outros traballos.

Tramitación:
A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, por un prazo de 30 días hábiles. Nesta intervención é necesario expropiar 18 predios (13 deles de titularidade privada e os 5 restantes de titularidade pública).

Unha vez resolta a información pública, aprobarase definitivamente o proxecto de construción, co obxectivo de licitar, adxudicar e iniciar as obras no segundo semestre de 2027. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

As actuacións recollidas nesta nova actuación da Xunta financiaranse con cargo a fondos do programa operativo Feder 21/27.



Localización da zona da actuación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL AO NOVO CHUAC NA CONTORNA DA AC-12, QUE INCLÚEN DOUS ASCENSORES

- O obxectivo da Xunta é licitar esta obra este mesmo ano, que suporá un orzamento total de preto de 1,5M€
- Completaranse as actuacións para mellorar a accesibilidade peonil nesta contorna, unha vez rematada a demolición do histórico viaduto de acceso ao CHUAC desde a avenida das Xubias, que permitiu eliminar as barreiras arquitectónicas
- Construiranse unhas escaleiras en L para a mellora da conectividade peonil entre o acceso ao CHUAC desde a calzada dereita da AC-12 e a pasarela peonil existente, e reordenaranse tamén as beirarrúas do ámbito
- Mellorarase a accesibilidade entre o CHUAC e na calzada esquerda da AC-12 cunha rampla de conexión entre o actual fin da senda ciclopeatonal existente baixo o antigo viaduto sobre a AC-12 e instalarase un ascensor con tres paradas
- Mellorará a accesibilidade entre a parada do bus interurbano da calzada dereita da AC- 12 e o novo viaduto sobre esta estrada, cun ascensor de conexión con parada á altura da AC-12 e no propio viaduto
- A previsión do Goberno galego é adxudicar e iniciar as obras no primeiro semestre do vindeiro 2027, para continuar impulsando unha das maiores actuacións sanitarias e de infraestrutura pública de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato para executar as obras de mellora da accesibilidade peonil ao Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (Novo CHUAC), na contorna da AC-12, dentro do marco das obras de mellora dos accesos ao complexo hospitalario que se están executando actualmente.

O obxectivo da Xunta é licitar esta obra este mesmo ano, que suporá un orzamento total de preto de 1,5M€.

As obras que se contratarán
As obras que se realizarán para a mellora das condicións da accesibilidade peonil nesta contorna consisten na mellora da conectividade peonil entre o acceso ao CHUAC desde a calzada dereita da AC-12 e a pasarela peonil existente que a cruza, para o que se construirán unhas escaleiras en L, actuación que se completará cunha reordenación das beirarrúas no ámbito

Tamén se mellora a accesibilidade peonil entre o CHUAC e a calzada esquerda da AC-12, co obxectivo de ofrecer unha solución integral á accesibilidade na zona entre AC-12 e As Xubias de Arriba.

Para isto, deséñase unha rampla de conexión con características accesibles entre o actual fin da senda ciclopeatonal existente baixo o antigo viaduto sobre a AC-12

recentemente demolido que, discorrendo polo contorno do ramal de entrada á calzada esquerda desde o CHUAC, accede até as proximidades do apoio da pasarela existente.

Neste punto implántase un ascensor con tres paradas, a primeira delas ao final da senda indicada, a segunda, á altura da AC-12 adxacente ao piar da pasarela existente, e a terceira, con conexión directa á pasarela mediante un pequeno beiril de conexión.

Como complemento ao ascensor, na intervención que se executará inclúense unhas escaleiras xemelgas que conectan o nivel inferior nas Xubias de Arriba coa AC-12.

A intervención proxectada tamén inclúe a mellora da accesibilidade entre a parada do bus interurbano situada na calzada dereita da AC- 12 e o novo viaduto sobre esta estrada. Isto conséguese mediante a implantación dun ascensor de conexión con só dúas paradas, a primeira á altura da AC-12 e a segunda no propio viaduto, nas proximidades da glorieta que se implantará fronte ás consultas externas no CHUAC. A conexión entre o ascensor e a pasarela existente realizarase mediante unha pasarela de estrutura metálica.

A actuación completará a iluminación urbana existente, dotando dunha maior seguridade a zona. Para isto instalaranse luminarias na senda proxectada no viario das Xubias de Arriba, ademais dun punto de luz complementario que ilumine as escaleiras proxectadas no acceso á pasarela na AC-12 lado CHUAC.


Estas actuacións culminarán coa renovación dos pavimentos afectados polas obras, a reposición de servizos afectados, o establecemento de redes de drenaxe, a renovación da marquesiña existente, así como a integración ambiental da contorna das obras.

A previsión da Xunta é adxudicar e iniciar as obras, que contan cun prazo de execución de 12 meses, no segundo semestre do vindeiro 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Situación previa á demolición do viaduto




Planta de actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Escaleiras de aceso pasarela AC-12



Ascensor e acceso dende As Xubias de Arriba

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Ascensor AC-12 – novo paso superior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA AS SESIÓNS GRUPAIS DE ORIENTACIÓN LABORAL CON EMPRESAS TRAS CONSTATAR UNHA INSERCIÓN NO MERCADO DE TRABALLO DO 55% AOS SEIS MESES

- O Consello analizou os resultados desta iniciativa do Servizo Público de Emprego de Galicia e o seu pulo coa posta en marcha de Xunta Conecta, que inclúe tamén unha entrevista de traballo coa empresa participante na oficina de emprego
- Estas xornadas conectan as persoas demandantes de emprego coas compañías, o que potencia a empregabilidade da cidadanía e, ao mesmo tempo, atende as demandas de man de obra do tecido produtivo
- Ás sesións co tecido empresarial súmanse as de mellora da empregabilidade para fortalecer o perfil profesional das persoas sen traballo e as cápsulas informativas dirixidas ao persoal orientador para coñecer as necesidades de contratación

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a posta en marcha da iniciativa Xunta Conecta tras constatar o éxito das sesións grupais de orientación laboral con empresas realizadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia -SPEG-. De feito, este novo servizo reforza eses encontros incluíndo tamén entrevistas de traballo ás persoas demandantes da man das empresas nas oficinas de emprego.

O Executivo galego decidiu dar maior pulo a esta modalidade de sesións coas empresas pois acadan unha taxa de colocación de demandantes de emprego do 55% aos seis meses da súa celebración, o que converte estas xornadas na actividade con mellores resultados de inserción laboral do SPEG.

En concreto, estas xornadas co tecido empresarial poden ser presenciais —nas oficinas de emprego ou en centros colaboradores— ou en liña e conectan as persoas demandantes de emprego coas compañías. Así, a empresa participante expón en directo as súas necesidades de contratación, os perfís que busca e as condicións laborais que ofrece e os demandantes de emprego poden formularlle preguntas. Deste xeito, consolídase o servizo de orientación laboral potenciando a empregabilidade da cidadanía e atendendo as demandas de man de obra do tecido produtivo.

Outras modalidades de sesións grupais do SPEG son as de mellora de empregabilidade, impartidas presencialmente polo persoal orientador nas oficinas de emprego para fortalecer o perfil profesional das persoas desempregadas. A elas súmanse as cápsulas informativas, que son sesións en liña dirixidas ao persoal orientador para darlle a coñecer empresas con necesidades de contratación ou entidades que traballan con persoas desempregadas.

O Goberno galego deu un paso máis reforzando a orientación laboral con Xunta Conecta ao incluír a entrevista de traballo coa empresa participante na oficina de emprego despois de preparala en obradoiros sobre o currículo e as técnicas de entrevista.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto impulsa as oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia como punto de encontro directo entre empresas e persoas candidatas e como peza central do ecosistema laboral de cada comarca. Nesa liña, ademais dos encontros celebrados con empresas de distintos sectores estratéxicos con necesidade de cubrir vacantes estanse a preparar outros novos e proximamente habilitarase no portal de emprego un formulario para que calquera empresa poida solicitar unha sesión grupal ou unha xornada Xunta Conecta, o que facilitará os trámites.